



Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 03-07 Páx. 1 de 1	FERRAMENTAS MANUAIS

RISCOS
<ul style="list-style-type: none"> • Golpes e cortes nas mans ocasionados polas propias ferramentas durante o traballo normal con estas. • Golpes en diferentes partes do corpo ao despedirse a propia ferramenta ou o material traballado. • Lesións oculares ocasionadas por partículas que proveñan dos obxectos traballados e/ou da propia ferramenta. • Contactos eléctricos. • Escordadura por esforzos excesivos ou xestos violentos (manipulación manual de cargas, posturas de traballo etc).

CAUSAS
<ul style="list-style-type: none"> • Abuso de ferramentas para efectuar calquera tipo de operación. • Uso de ferramentas inadecuadas, defectuosas, de mala calidade ou mal deseñadas. • Uso de ferramentas de forma incorrecta. • Ferramentas abandonadas en lugares perigosos. • Ferramentas transportadas de forma perigosa. • Ferramentas mal conservadas.

MEDIDAS PREVENTIVAS
<ul style="list-style-type: none"> • Antes de comezar o traballo verifique periodicamente o estado das ferramentas. Mantéñaaas en bo estado, substitúa aquela ferramenta que presente algunha anomalía. Durante o seu uso estarán libres de graxas, aceites e outras substancias esvaradías. • Prohíbese colocar ferramentas manuais en lugares elevados dende os que poidan caer sobre os traballadores ou persoas alleas. • Utilizaranse ferramentas axeitadas a cada traballo na maneira e co fin para o que se fixeron. Cando a ferramenta posúa instrucións, seguiranse con exactitude. • En traballos con tensión utilizaranse ferramentas co illamento idóneo. • No caso das ferramentas eléctricas revisaranse periodicamente: o estado das súas proteccións, o illamento, o fusible, o estado do cabo e do enchufe. • Se utiliza ferramentas pneumáticas, revise periodicamente o estado das abrazadeiras, das xuntas, e da manguera de aire comprimido. • Evitarase o transporte e custodia das ferramentas nos petos da vestimenta (en especial, ferramentas cortantes e punzantes). Utilizaranse caixas ou fundas axeitadas. • Ao finalizar o traballo gardaranse en lugares destinados para a súa almacenaxe. • Utilizaranse os equipos de protección individual que se indiquen para cada caso.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL		
		
PROTECCIÓN OBRIGATORIA DAS MANS	PROTECCIÓN OBRIGATORIA DOS PÉS	PROTECCIÓN OBRIGATORIA DA VISTA

REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 27/08/2007  Asdo.: M. ^a José Montero Vilarino	Data: 08-06-2013  Asdo.: